

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 24 DE ABRIL DE 2015.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **VINTECATRO DE ABRIL DE DOUS MIL QUINCE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **Dº. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, réunese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **Dº KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **Dª MARIA DEL PILAR PEÓN IGLESIAS** e **Dº LUIS RODRÍGUEZ VÁZQUEZ** e do Secretario da Corporación **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que suscribe e da fe.

Non asiste: **Dª DOLORES GARCÍA TROITIÑO**

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN.**
- 2º.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**
- 3º.- INSTALACIÓN DUNHA CALDEIRA DE PELLETS PARA CALEFACCIÓN NA CASA DE CULTURA DE SILLEDA.**
- 4º.- MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA EN BANDEIRA.**
- 5º.- MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO URBÁN DE SILLEDA.**
- 6º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLEDA - ANUALIDADE 2015”.**
- 7º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DA RÚA TRASDEZA”.**
- 8º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA”.**
- 9º.- URBANISMO.**

1º.- SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN.

Visto o escrito presentado pola Asociación Veciñal e Cultural de Refoxos, con CIF G-94116167, Rexistro de Entrada nº 1428 de data 07 de abril de 2015, para que se proceda á inscrición da mencionada asociación no Rexistro Municipal de Asociacións sin ánimo de lucro.

Visto que presentáronse os documentos requeridos no artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do concello de Silleda da Asociación Veciñal e Cultural de Refoxos.

2º.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

2.1.- Mellora da Pavimentación dos camiños Andamollo-Medelo, Martixe-Paradela de Abaixo e do camiño de Penido (Silleda), dentro do Plan Marco 2014/2015.

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada nº1632, de data 17 de abril de 2015, preséntase por Construcciones Fernández Sarmiento S.A. certificación nº 1 e final da obra "**Mellora da Pavimentación dos camiños Andamollo-Medelo, Martixe-Paradela de Abaixo e do camiño de Penido (Silleda)**", incluída dentro do Plan Marco 2014/2015. executada por Construcciones Fernández Sarmiento S.A., adxudataria da obra por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 27 de xaneiro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº 1 e final da obra "**Mellora da Pavimentación dos camiños Andamollo-Medelo, Martixe-Paradela de Abaixo e do camiño de Penido (Silleda)**", incluída dentro do Plan Marco 2014/2015., por importe de 162.383,21 € asinada polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Director das Obras, Dº Benito Gómez Rosal (Colexiado nº 476), xuntamente coa Acta de comprobación de replanteo e Acta de Recepción final de obra asinadas ambas pola parte contratante, director da obra e o Concello de Silleda.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte:

FACTURA		PROVEEDOR		IMPORTE con IVA
Fecha	Número			
08.04.20 15	P.2/04	Construcciones Sarmiento S.A.	Fernández	162.383,21 €

3º.- INSTALACIÓN DUNHA CALDEIRA DE PELLETS PARA CALEFACCIÓN NA CASA DE CULTURA DE SILLEDA.

Visto que o Concello solicitou unha subvención a través da Resolución do 26 de decembro de 2014, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2015.

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 1568, de data 14 de abril de 2015, comunicábase polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) - Consellería de Economía e Industria, resolución do 06 de abril de 2015, de concesión de axuda ó proxecto “**Instalación dunha caldeira de pellets para calefacción na Casa de Cultura de Silleda**”, pola seguinte cuantía:

INVESTIMENTO ELIXIBLE (€)	IMPORTE DA AXUDA (€)
23.600,00 €	17.700,00 €

Vista a Memoria Técnica da Instalación, redactada polo Enxeñeiro Técnico Industrial Dº Juan Manuel Rey Gómez (colexiado nº 2063).

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas particulares do contrato de suministro e instalación, por procedemento negociado sen publicidade denominado “**Instalación dunha caldeira de pellets para calefacción na Casa de Cultura de Silleda**”

Visto o expediente tramitado, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001, 12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a **Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda** :

PRIMEIRO.-Aprobar a Memoria Técnica así como o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de suministro e instalación por importe de 23.600,00 € máis IVE “Instalación dunha caldeira de pellets para calefacción na Casa de Cultura de Silleda”

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 28.556,00 €, o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 330.623, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e características técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa:

- Instalaciones Deza S.L.
Fucarelos, nº 6 - Cira
36.587 - Silleda (Pontevedra)

- Instalaciones Trasdeza 2008, S.L.
R/ Campo de Arriba, nº 4-2ºG
36.540 - Silleda (Pontevedra)

- AB Energy Advisors, SLNE
Rúa Ramón de Valenzuela, 42-2ºA
36570 - Bandeira - Silleda (Pontevedra)

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato de suministro e instalación, por procedemento negociado sen publicidade: "Instalación dunha caldeira de pellets para calefacción na Casa de Cultura de Silleda".

TRANSCRÍBESE:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA O CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUNHA CALDEIRA DE PELLETS PARA CALEFACCIÓN NA CASA DE CULTURA DE SILLEDA, POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

O Concello de Silleda, segundo resolución de data 6 de Abril de 2015, recaída no expediente IN421G-15R5423, ten concedida unha subvención por parte do INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA para a adquisición e instalación dunha caldeira de pellets, baixo a denominación instalación dunha caldeira de pellets para calefacción na Casa de Cultura de Silleda.

O investimento elixible por parte do INEGA é de 23.600 €, xa que o IVE queda excluído. A cantidade que se subvenciona é de 17.700 €, sobre un orzamento total, ive incluído, que ascende a 28.556 €

O contrato deberá someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude do mesmo e será coherente coas actividades, políticas e prioridades en pro dun desenvolvemento sostible e mellora do medio ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co desposto no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen disposicións xerais ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional e ao Fondo de Cohesión.

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e Cualificación

O presente prego ten por obxecto a **contratación da subministración e instalación dunha caldeira de pellets para calefacción na Casa de Cultura de Silleda**, coas especificacións e características técnicas que se indican no prego de cláusulas técnicas. A codificación é CPV 44621200

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adjudicación

A forma de adjudicación do contrato de **subministración e instalación dunha caldeira de pellets para calefacción na Casa de Cultura de Silleda** será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adjudicación recaerá no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar

consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles, de acordo co artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento, asegurándose a concorrencia, é dicir, será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

Á vista do importe do contrato que ascende a 23.600 euros e 4.956 euros de IVE, o órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, será o Alcalde.

CLÁUSULA TERCEIRA. O Perfil de Contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.silleda.es

CLÁUSULA CUARTA. Importe do Contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 23.600 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 4.956 euros, o que supón un total de 28.556 euros.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 23.600 euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións do mesmo.

O importe abonarase con cargo á aplicación orzamentaria 330.623 do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito suficiente até o importe aprobado polo Concello, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten financiar o contrato.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato

O contrato finalizará coa sinatura da acta de recepción dos bens subministrados tras a súa instalación.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica

1. A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos **empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado,

nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os **demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da **non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar** do artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1 **A solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, de ser o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, nde ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente co obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de subministración, a **solvencia técnica** dos empresarios acreditarase por un ou varios dos seguintes medios:

a) Relación dos principais subministracións efectuadas durante o tres últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario está establecido, sempre que medie acordo do devandito organismo, cando os produtos a subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e investigación con que conta, así como sobre as medidas empregadas para controlar a calidade.

e) Mostras, descrições e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade do sector público contratante.

f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa

As ofertas presentaranse no Concello R/Trasdeza, 55, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as ofertas sexan enviadas por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "Oferta para negociar a contratación da **subministración e instalación dunha caldeira de pellets para calefacción na Casa de Cultura de Silleda** .A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre "A": Documentación Administrativa.

- Sobre "B": Oferta Económica e Documentación.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

SOBRE "A"

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

(ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN CONFORME AO ARTÍCULO 146.1 DO TRLCSP)

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, verificado de suficiencia polo Secretario da Corporación.

- Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

- Igualmente a persoa con poder verificado de suficiencia a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Esta declaración incluír á manifestación de encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta.

d) Os que acrediten a clasificación da empresa, de ser o caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Se a empresa se encontrase pendente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar o estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da normativa de contratación para a corrección de defectos ou omisións na documentación.

e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

f) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

SOBRE "B"

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

a) Oferta económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

"D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, recibindo invitación para a presentación de ofertas e decatado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación por procedemento negociado do

contrato de **subministración e instalación dunha caldeira de pellets para calefacción na Casa de Cultura de Silleda**, fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente, comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do candidato,
Asdo.: _____".

b) Documentos que permitan á Mesa de Contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación,

[Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación]

CLÁUSULA OITAVA. Garantía Provisional

En consonancia co disposto no art. 103 os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

CLÁUSULA NOVENA. Aspectos Obxecto de Negociación coa Empresa

Para a valoración das ofertas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios aspectos de negociación:

Serán criterios a ter en conta na adxudicación de este procedemento negociado sen publicidade os seguintes:

1. Características técnicas do equipamento segundo a documentación achegada no sobre B. Ata 20 puntos. (As determinacións técnicas teñen carácter de mínimos, podendo os licitadores presentar nas ofertas as melloras que consideren oportunas para a súa valoración, mediante informe técnico que fose preciso, que en ningún caso poderán supor menoscabo das inicialmente esixidas)

2. Maior prazo de garantía no ben subministrado: ata 20 puntos. Valorándose segundo a formula seguinte:
Puntuación = Prazo ofertado pola empresa X Puntuación máxima /Prazo maior dos ofertados

3. Oferta económica: ata 10 puntos do seguinte modo: Valorándose segundo a formula seguinte:
Puntuación = Prezo menor dos ofertados X Puntuación máxima /Prezo ofertado pola empresa

CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de Contratación

Non se constituíe mesa de contratación

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DUODÉCIMA Requirimento de Documentación

[A apertura das ofertas deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado desde a data de finalización do prazo para presentar as mesmas.]

O Organo Contratación cualificará a documentación administrativa contida nos sobres "A". Concederá un prazo non superior a tres días para que o candidato corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

Posteriormente, procederá á apertura e exame do sobre "B", podendo, nese momento, solicitar os informes técnicos que considere precisos.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Garantía Definitiva

O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada até que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e transcorrido [un ano/6 meses] desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Adjudicación do contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adjudicación deberá ser motivada notificarse aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- X En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- X Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- X En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.
- X Na notificación e no perfil de contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adjudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Dereitos e Obrigacións do Adjudicatario

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro).

- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro para os supostos de subcontratación .

- A Administración ten a facultade de inspeccionar e de ser informada o proceso de fabricación ou elaboración do produto que deba ser entregado como consecuencia do contrato, podendo ordenar ou realizar por si mesma análise, ensaios e probas dos materiais que se vaian empregar, establecer sistemas de control de calidade e ditar cantas disposicións estime oportunas para o estrito cumprimento do convindo.

- O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrese en mora ao recibilos.

[Cando o acto formal da recepción dos bens, de acordo coas condicións do prego, sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da custodia dos mesmos durante o tempo que medie entre unha e outra.

No caso de bens ou produtos perecedoiros, unha vez recibidos estes, será responsable a Administración da súa xestión, uso ou caducidade, sen prexuízo da responsabilidade do subministrador polos vicios ou defectos ocultos dos mesmos].

- [No caso de tratarse dun contrato de arrendamento] O arrendador ou empresario asumirá durante o prazo de vixencia do contrato a obrigaçión do mantemento do obxecto do mesmo.

- Gastos exhibibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Revisión de Prezos

O prezo deste contrato non poderá ser obxecto de revisión

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Prazo de Garantía

Establécese un prazo de garantía de catro anos a contar desde a data de entrega dos bens, se durante o mesmo é acreditada a existencia de vicios ou defectos na subministración, a Administración terá dereito a reclamar a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos se fose suficiente.

Se a Administración estimase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados e imputables ao empresario, e exista a presunción de que a reposición ou reparación dos devanditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obrigaçión de pago ou tendo dereito, de ser o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Facturas

Conforme á Disposición Adicional Trixésimo Terceira do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contratista terá obrigaçión de presentar a factura que expedise polos bens entregados ante o correspondente rexistro administrativo a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, os seguintes extremos previstos no apartado segundo da citada Disposición Adicional Trixésimo Terceira:

- a) Que o órgano de contratación é o Alcalde ou XGL por delegación
- b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é o Alcalde ou XGL por delegación
- c) Que o destinatario é o Concello de Silleda

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Execución do Contrato

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Modificación do Contrato

[Téñase en conta que de conformidade co artigo 105 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, sen prexuízo dos casos previstos na normativa para os casos sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución, os contratos do sector público **só poderán modificarse** cando así se previse **nos pregos de condicións ou no anuncio de licitación**, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

No resto de casos, se fose necesario que a prestación se executase de forma distinta á pactada, inicialmente deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes.

Así, a normativa de contratación permítenos modificar os contratos do sector público:

1. Sempre que **nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente** desta posibilidade e se detallase de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que poderán facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que deba seguirse para iso.

2. **Se non se previu nos pregos ou no anuncio de licitación**, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- X Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
- X Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
- X Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.

- X Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, fose producida con posterioridade á adxudicación do contrato.
- X Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato].

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Penalidades por Incumplimento

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción prevista no artigo 212 TRLCSP: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato , a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

- Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imporanse penalidades na proporción do 10% do orzamento do contrato

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designou, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, fose constituída, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 223 e 299 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMA CUARTA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerese polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e estea vixente tras a entrada en vigor do RD 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

En Silleda, 20 de abril de 2015

O Alcalde.- Asdo. : Manuel Cuiña Fernández

4º.- MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA EN BANDEIRA.

Visto que o Concello solicitou unha subvención Á Deputación Provincial de Pontevedra dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 (PPOS/15).

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 1724, de data 23 de abril de 2015, comunícase polo Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra resolución presidencia de data 20 de abril de 2015, mediante a cal cóncedese unha subvención pola cantidade de 54.000,00 € paa a realización do investimento **“Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira”**.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2015 aprobouse o proxecto **“Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira”**, redactado pola arquitecto Natalia Campos Ferro.

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas particulares do contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade denominado **“Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira”**

Visto o expediente tramitado, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001,12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RDLex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a **Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda** :

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 44.628,10 € máis IVE denominado **“Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira”**

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 54.000,00 €, o gasto que para este Concello representa a contratación da obra por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 151.619, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e características técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa:

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.
C/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Míguez Xestoso, S.L.
Xestoso, nº 20
36.549 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
Rúa Progreso, nº 50
36540 - Silleda (Pontevedra)

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade: **“Mellora e acondicionamento da rúa Lavadoiro e escaleiras da praza Camilo José Cela en Bandeira”**

TRANSCRÍBESE:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA O CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE:

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación do contrato
--

O obxecto do contrato é a realización das obras consistentes na **MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA**, cuxa codificación é CPV 45233250-6, conforme ao proxecto técnico redactado pola arquitecta NATALIA CAMPOS FERRO, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 27 de Xaneiro de 2015.

As obras consistirán na mellora das referidas rúa e praza, segundo as características que se reflecten no proxecto, que rexirá como Prego de prescricións técnicas.

Tómase en consideración que a obra está subvencionada pola Deputación de Pontevedra, segundo resolución de concesión de axuda de data 20 de Abril de 2015, no PPOS/15.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde efectuada por Decreto de data 27 de setembro de 2013.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de obras de **MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA** será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 169 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento para asegurar a concorrencia; é dicir, será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.silleda.es

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 54.000 euros. O prezo certo anterior queda desagregado nun valor estimado de 44.628,10 euros, e no imposto sobre o valor engadido de 9.371,90 euros.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 44.628,10 euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións deste.

O importe aboarase con cargo á partida 151.619 do vixente orzamento municipal; xa que existe crédito abondo ata o importe aprobado polo concello e queda acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten financiar o contrato.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

A duración do contrato de obras de **MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA** será de 2 meses

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación de replanteo previo no prazo de CINCO días desde a data de formalización do contrato.

Non poderán existir prórrogas

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

- a) Dos empresarios que foren **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- b) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- c) **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia nalgunha das prohibicións de contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

- a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.
- b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1. A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, un xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non estean obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán presentar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido, como máximo, aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de obras, a **solvencia técnica** do empresario poderá ser acreditada por un ou varios dos seguintes medios:

- a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo. De ser o caso, tales certificados seranlle comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

- b) Declaración en que se indiquen os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, de que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.
- c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do persoal responsable das obras.
- d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.
- e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente.
- f) Declaración en que se indique a maquinaria, material e equipo técnico de que se disporá para a execución das obras, á que se lle xuntará a documentación acreditativa pertinente.

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do contratista

Dita clasificación no será esixible nos contratos de obras de valor estimado inferior a 500.000 euros, de conformidade coa disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.]

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de proposicións e documentación administrativa

As ofertas presentaranse no concello, na Rúa de Trasedeza, 55, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 148 e 149 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para participar na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "Oferta para negociar a contratación das obras de **MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA**. A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre "A": Documentación administrativa.
- Sobre "B": Oferta económica e documentación.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

SOBRE "A"

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN CONFORME AO ARTIGO 146.1 DO TRLCSP

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutra persoa, presentarán unha copia notarial do poder de representación, verificado polo secretario da corporación.

- Se o licitador fose unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil cando sexa esixible legalmente.

- Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia realizar esta.

d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

Se a empresa se encontrase pendente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da normativa de contratación para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

f) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideren xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puiden corresponder ao candidato.

SOBRE "B" OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN

a) Oferta económica.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

"D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/
_____, núm. ____, con DNI _____, en representación da entidade
_____, con CIF _____, xa que recibín unha invitación para a presentación
dunha oferta e xa que estou informado das condicións e requisitos esixidos para a adxudicación, por
procedemento negociado sen publicidade, do contrato de obras de MELLORA E ACONDICIONAMENTO
DA RÚA LAVADOIRO E ESCALEIRAS DA PRAZA CAMILO JOSÉ CELA fago constar que coñezo o
prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente, e que me comprometo a levar a cabo
o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros
correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.
_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do candidato

Asdo.: _____."

b) Documentos que permitan ao órgano de contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

CLÁUSULA NOVENA. Garantía provisional

En consonancia co disposto no artigo. 103 do RDLeg 3/2011 TRLCSP, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

CLÁUSULA DÉCIMA. Aspectos obxecto de negociación coa empresa

O órgano de contratación, sin perxucio de que éste poida solicitar os informes que estime oportunos, aplicará estes criterios para a adxudicación:

1.- Prazo de execución (0 a 2 puntos):

O proxecto considerou un amplo prazo de referencia para a execución das obras, de 2 meses (8 semanas). Sin embargo a criterio técnico, enténdese que un adecuado estudio por parte da empresa con unha eficiente organización e programación das obras podería reducir en gran medida, e mantendo en todo caso un alto nivel de seguridade e saúde, así como da necesaria calidade en obra a executar.

Poderíase considerar unha mellora de 0.5 puntos aplicables por cada semana de adianto sobre o prazo inicial, segundo o seguinte cadro:

	Adianto en semanas sobre o prazo inicial	Valor Baremo
1	Semanas	0,5
2	Semanas	1
3	Semanas	1,5
4	Semanas	2

2.- Melloras adicionais: (de 0 a 7 puntos)

Maiores unidade de obra a decidir pola dirección de obra. Ate sete puntos como máximo por dito incremento.

Puntuarase proporcionalmente segundo informe técnico municipal.

3.- Ampliación do prazo de garantía (de 0 a 1 punto)

Valorarase en 0.25 puntos por ano de aumento do prazo de garantía, cun máximo de 4 anos sobre o prazo inicial recollido na cláusula vixésima segunda.

4.- Oferta económica (de 0 a 2 puntos)

Otorgarase a puntuación máxima á oferta economicamente mais ventaxosa e a mínima (0 puntos) á menos ventaxosa en termos económicos, puntuándose as restantes proporcionalmetne ao seu valor económico.

No suposto de igualdade de proposicións, aplicaranse os seguintes criterios de prioridade: Decidirase por aquel candidato que ofertara o menor prazo de execución; de persistir o empate, o que obteña maior puntuación nas melloras; si aínda así persiste o empate, o que ofertara maior prazo de garantía, e de continuar o empate o que ofertara menor precio. Caso de persistir o empate dicidarse por sorteo.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Mesa de contratación

Por ser de carácter optativo ao tratarse de procedimientto negociado sin publicidade, non se constitúe ni actúa no presente contrato

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Calificación de documentos e Apertura de ofertas

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións, o órgano de contratación procederá á calificación dos documentos e apertura das proposicións:

Calificación de los documentos. O órgano de contratación examinará e calificará os documentos presentados en tempo e forma dentro dos sobres "A" Documentación xeral, previamente ao acto de apertura do sobres "B".

Si se observasen defectos materiais na documentación presentada no sobre "A", notificarase tal circunstancia ao licitador correspondente mediante fax, telegrama ou correo electrónico, deixando constancia de dita notificación no expediente, concediéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o enmende, para a súa subsanación , según o regulado no art. 81 del RD1098/2001 RCAP

Con independencia da subsanación a que se reiere el apartado anterior, o órgano de contratación, a efectos de completar a acreditación da documentación do sobre " A "dos licitadores, poderá solicitar de

estos as aclaracions que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requerilos para a presentación de outros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións, segundo o reguladonol art. 22 del RD1098/2001 RCAP

Apertura das ofertas. Unha vez examinada a documentación administrativa contida no Sobre "A" , efectuadas no seu caso as subsanacions correspondentes segundo o indicado no apartado anterior e admitidos os licitadores , el órgano de contratación procederá a abrir os sobres "B" e comenizará a negociación de acordo cos apectos fixados no prego.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Requirimento da documentación

Recibidos os informes, de haber sido solicitados, o órgano de contratación proporá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Garantía definitiva

O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, realizado na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido [un ano/6 meses] desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación

tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Adxudicación do contrato

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

- X En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- X A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- X En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.
- X Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que se debe proceder á formalización.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se puidese formalizar o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución del, así como a incautación da garantía provisional que, de ser o caso, se esixise.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Dereitos e obrigas do adxudicatario

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son dereitos específicos do contratista as seguintes:

A) Aboamentos ao contratista

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinale o director de obra. A obra certificada valorarase conforme aos prezos do proxecto técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional e quedarán suxeitas á medición e

certificación que poida facerse na liquidación final; isto non supoñerá, polo tanto, nin a aprobación nin a recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

Poderanse verificar aboamentos á conta, logo da petición escrita do contratista por aprovisionamento de materiais, instalacións e equipamentos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

B) Obrigas do contratista

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.
- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).
- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro para os supostos de subcontratación .
- Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa custa as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindeiros e inmediacións.
- O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde no traballo.
- Gastos exixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de adxudicación até o límite máximo de 500 euros da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen. No caso de que o esixa algunha das Administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Facturas

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación.

Na factura incluíranse os datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Plan de seguridade e saúde no traballo

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e saúde no traballo da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde [(ou, se é o caso), estudo básico de seguridade] do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar un coordinador, e comunicarse á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

[Artigo 7.2 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.]

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Revisión de prezos

Considerando o prazo de duración do obxecto de este contrato, os prezos no poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e, por tanto, non se aplicará fórmula algunha de revisión.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Recepción e prazo de garantía

Á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato, se se nomeou, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

Se se atopan as obras en bo estado e de acordo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido devandito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de UN ANO a contar desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigacións pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de quince anos a contar desde a recepción.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Execución do contrato

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación da implantación e do inicio das obras. Para tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes dende a data da súa formalización, salvo en casos excepcionais xustificadas, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a realizar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do proxecto de obras; esta segunda acta do resultado redactarase e será asinada por ambas as partes interesadas. Remitiráselle un exemplar dela ao órgano que asinou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste lle deren ao contratista o director facultativo das obras, [e, de ser o caso, o responsable do contrato], nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

CLÁUSULA VIXÉSIMA CUARTA. Modificación do contrato

[Téñase en conta que de conformidade co artigo 105 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, sen prexuízo dos supostos previstos na devandita normativa para os casos sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución, os contratos do sector público só poderán modificarse cando así se previse nos pregos de condicións ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

No resto de casos, se fose necesario que a prestación se executase de forma distinta á pactada, inicialmente deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes.

Así, a normativa de contratación permítenos modificar os contratos do sector público:

1. Sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente desta posibilidade e se detallase de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que poderán facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que haxa de seguirse para iso.

2. Se non fose previsto nos pregos ou no anuncio de licitación, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

X Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

X Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares,

postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

- X Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
- X Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.
- X Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato].

En ningún caso o Técnico Director municipal ou o adxudicatario poderán introducir o executar modificacións no obxecto de este contrato sin a debida aprobación técnica así como aprobación polo órgano de contratación competente, previa a preceptiva fiscalización do gasto e existencia de crédito, según procedemento y requisitos e informes establecidos na normativa arriba referida.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Penalidades por incumprimento

- Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias nas proporcións recollidas no artigo 212.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato].

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

- Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

- Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, impoñeranse penalidades na proporción do 10% do orzamento do contrato].

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Resolución do contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, a falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

En Silleda a 22 de ABRIL de 2015

O Alcalde.- Asdo.: Manuel Cuiña Fernández

5º.- MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO URBÁN DE SILLEDA.

Visto que o Concello solicitou unha subvención Á Deputación Provincial de Pontevedra dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 (PPOS/15).

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 1725, de data 23 de abril de 2015, comunícase polo Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra acordo da Xunta de Goberno da mencionada Deputación, da sesión do 17 de abril de 2015 (acordo nº 9.23279) na que se concede unha subvención de 120.873,24 € polo procedemento de concorrencia para a realización do investimento **“Mellora da eficiencia enerxética no casco urbán de Silleda” (Ref. PPOS/15/00714/201500175)**, cun orzamento de 120.873,24 €, dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 (PPOS/15).

Visto que por Resolución da Alcaldía de data 19 de marzo de 2015 acordouse entre outros a aprobación do proxecto denominado **“Mellora da eficiencia enerxética no casco urbán de Silleda”**, redactado POLO Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro (Colexiado 2564)

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas particulares do contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade denominado **“Mellora da eficiencia enerxética no casco urbán de Silleda”**

Visto o expediente tramitado, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14

de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001,12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RDLex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a **Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda** :

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 99.895,24 € máis IVE denominado “**Mellora da eficiencia enerxética no casco urbán de Silleda**”

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 120.873,24 €, o gasto que para este Concello representa a contratación da obra por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 165.609, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e características técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa:

- Electricidad Arteaga Gres S.L.
Ld. A Capetala, nº 5 - Gres
36.587 - Vila de Cruces (Pontevedra)
- Instalaciones Deza S.L.
Fucarelos, nº 6 - Cira
36.587 - Silleda (Pontevedra)
- Montajes Electricos Xinelec, S.L.
Pite, nº 61
Teo (A Coruña)

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade: “**Mellora da eficiencia enerxética no casco urbán de Silleda**”

TRANSCRÍBESE:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA O CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE:

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación do contrato
--

O obxecto do contrato é a realización das obras consistentes na **MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO URBÁN DE SILLEDA**, cuxa codificación é CPV 45316000-5, conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto JOSÉ LUIS SANMIGUEL GUERREIRO, aprobado por decreto de alcaldía de data 19 de marzo de 2015.

As instalacións consistirán na mellora do alumeadado público no casco urbán do Concello de Silleda, segundo as características e ubicación reflectidas no proxecto, que rexirá como Prego de prescricións técnicas.

Tómase en consideración que a obra está subvencionada pola Deputación de Pontevedra, segundo resolución de concesión de axuda de data 20 de Abril de 2015, no PPOS/15.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde efectuada por Decreto de data 27 de setembro de 2013.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de obras de **MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO URBÁN DE SILLEDA** será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 169 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento para asegurar a concorrência; é dicir, será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.silleda.es

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 120.873,24 euros. O prezo certo anterior queda desagregado nun valor estimado de 99.895,24 euros, e no imposto sobre o valor engadido de 20.978 €.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 99.895,24 €euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións deste.

O importe aboarase con cargo á partida 165.609 do vixente orzamento municipal; xa que existe crédito abondo ata o importe aprobado polo concello e queda acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten financiar o contrato.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

A duración do contrato de **MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO URBÁN DE SILLEDA** será de 1 mes

A execución do contrato comezará coa acta de comprobación de replanteo previo no prazo de CINCO días desde a data de formalización do contrato.

Non poderán existir prórrogas

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a) Dos empresarios que foren **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Dos demais empresarios estranxeiros, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia nalgunha das prohibicións de contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1. A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, un xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non estean obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán presentar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido, como máximo, aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de obras, a **solvencia técnica** do empresario poderá ser acreditada por un ou varios dos seguintes medios:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo. De ser o caso, tales certificados seranlle comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración en que se indiquen os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, de que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do persoal responsable das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración en que se indique a maquinaria, material e equipo técnico de que se disporá para a execución das obras, á que se lle xuntará a documentación acreditativa pertinente.

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do contratista

Dita clasificación no será esixible nos contratos de obras de valor estimado inferior a 500.000 euros, de conformidade coa disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.]

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de proposicións e documentación administrativa

As ofertas presentaranse no concello, na Rúa de Trasedeza, 55, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 148 e 149 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para participar na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "Oferta para negociar a contratación das obras de **MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO URBÁN DE SILLEDA**. A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre "A": Documentación administrativa.
- Sobre "B": Oferta económica e documentación.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

SOBRE "A"
DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA
ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN CONFORME AO ARTIGO 146.1 DO TRLCSP]

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutra persoa, presentarán unha copia notarial do poder de representación, verificado polo secretario da corporación.

- Se o licitador fose unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil cando sexa esixible legalmente.

- Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia realizar esta.

d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

Se a empresa se encontrase pendente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da normativa de contratación para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

f) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideren xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puiden corresponder ao candidato.

**SOBRE "B"
OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN**

a) Oferta económica.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

"D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/
_____, núm. ____, con DNI _____, en representación da entidade
_____, con CIF _____, xa que recibín unha invitación para a presentación
dunha oferta e xa que estou informado das condicións e requisitos esixidos para a adxudicación, por
procedemento negociado sen publicidade, do contrato de obras de MELLORA DE EFICIENCIA
ENERXÉTICA NO CASCO URBÁN DE SILLEDA fago constar que coñezo o prego que serve de base ao
contrato e que o acepto integramente, e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo
importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao imposto sobre o valor
engadido.
_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do candidato
Asdo.: _____."

b) Documentos que permitan ao órgano de contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

CLÁUSULA NOVENA. Garantía provisional

En consonancia co disposto no artigo. 103 do RDLeg 3/2011 TRLCSP, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

CLÁUSULA DÉCIMA. Aspectos obxecto de negociación coa empresa

O órgano de contratación, sin perxucio de que éste poida solicitar os informes que estime oportunos, aplicará estes criterios para a adxudicación:

1.- Prazo de execución (0 a 2 puntos):

O proxecto considerou un amplo prazo de referencia para a execución das obras, de 1 mes (4 semanas). Sin embargo a criterio técnico, enténdese que un adecuado estudio por parte da empresa con

unha eficiente organización e programación das obras podería reducir en gran medida, e mantendo en todo caso un alto nivel de seguridade e saúde, así como da necesaria calidade en obra a executar.

Poderíase considerar unha mellora de 1 aplicable por cada semana de adianto sobre o prazo inicial, segundo o seguinte cadro:

	Adianto en semanas sobre o prazo inicial	Valor Baremo
1	Semana	1
2	Semana	2

2.- Melloras adicionais: (de 0 a 7 puntos)

Maiores unidade de obra a decidir pola dirección de obra. Ate sete puntos como máximo por dito incremento.

Puntuarase proporcionalmente segundo informe técnico municipal.

3.- Ampliación do prazo de garantía (de 0 a 1 punto)

Valorarase en 0.25 puntos por ano de aumento do prazo de garantía, cun máximo de 4 anos sobre o prazo inicial recollido na cláusula vixésima segunda.

4.- Oferta económica (de 0 a 2 puntos)

Otograrase a puntuación máxima á oferta economicamente mais ventaxosa e a mínima (0 puntos) á menos ventaxosa en termos económicos, puntuándose as restantes proporcionalmente ao seu valor económico.

No suposto de igualdade de proposicións, aplicaranse os seguintes criterios de prioridade: Decidirase por aquel candidato que ofertara o menor prazo de execución; de persistir o empate, o que obteña maior puntuación nas melloras; si aínda así persiste o empate, o que ofertara maior prazo de garantía, e de continuar o empate o que ofertara menor precio. Caso de persistir o empate dicidarse por sorteo.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Mesa de contratación

Por ser de carácter optativo ao tratarse de procedemento negociado sin publicidade, non se constitúe ni actúa no presente contrato

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Calificación de documentos e Apertura de ofertas

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións, o órgano de contratación procederá á calificación dos documentos e apertura das proposicións:

Calificación de los documentos. O órgano de contratación examinará e calificará os documentos presentados en tempo e forma dentro dos **sobres "A" Documentación xeral, previamente ao acto de apertura do sobres "B".**

Si se observasen defectos materiais na documentación presentada no sobre "A", notificarase tal circunstancia ao licitador correspondente mediante fax, telegrama ou correo electrónico, deixando constancia de dita notificación no expediente, concediéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o enmende, para a súa subsanación, según o regulado no art. 81 del RD1098/2001 RCAP

Con independencia da subsanación a que se reiere el apartado anterior, o órgano de contratación, a efectos de completar a acreditación da documentación do sobre "A" dos licitadores, poderá solicitar de estos as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requerilos para a presentación de outros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumplimentado no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións, segundo o reguladonol art. 22 del RD1098/2001 RCAP

Apertura das ofertas. Unha vez examinada a documentación administrativa contida no Sobre "A", efectuadas no seu caso as subsanacións correspondentes segundo o indicado no apartado anterior e admitidos os licitadores, el órgano de contratación procederá a abrir os sobres "B" e comenará a negociación de acordo cos aspectos fixados no prego.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Requirimento da documentación

Recibidos os informes, de haber sido solicitados, o órgano de contratación proporá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Garantía definitiva

O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía do 5% do importe de adjudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, realizado na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido [un ano/6 meses] desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Adjudicación do contrato

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adjudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

- X En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- X A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- X En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.
- X Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que se debe proceder á formalización.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adjudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se puidese formalizar o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución del, así como a incautación da garantía provisional que, de ser o caso, se esixise.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Dereitos e obrigas do adxudicatario

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son dereitos específicos do contratista as seguintes:

A) Aboamentos ao contratista

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinala o director de obra. A obra certificada valorarase conforme aos prezos do proxecto técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional e quedarán suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final; isto non supoñerá, polo tanto, nin a aprobación nin a recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

Poderanse verificar aboamentos á conta, logo da petición escrita do contratista por aprovisionamento de materiais, instalacións e equipamentos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

B) Obrigas do contratista

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro).

- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro para os supostos de subcontratación .

- Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa custa as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindeiros e inmediacións.

- O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde no traballo.

- Gastos exixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de adxudicación até o límite máximo de 500 euros da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen. No caso de que o esixa algunha das Administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Facturas

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación.

Na factura incluíranse os datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Plan de seguridade e saúde no traballo

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e saúde no traballo da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde [(ou, se é o caso), estudo básico de seguridade] do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar un coordinador, e comunicárase á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite, procederáse á acta de implantación e inicio da obra.

[Artigo 7.2 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.]

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Revisión de prezos

Considerando o prazo de duración do obxecto de este contrato, os prezos no poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e, por tanto, non se aplicará fórmula algunha de revisión.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Recepción e prazo de garantía

Á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato, se se nomeou, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

Se se atopan as obras en bo estado e de acordo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido devandito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de DOUS ANOS a contar desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigacións pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as

oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de quince anos a contar desde a recepción.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Execución do contrato

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación da implantación e do inicio das obras. Para tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes dende a data da súa formalización, salvo en casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a realizar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do proxecto de obras; esta segunda acta do resultado redactarase e será asinada por ambas as partes interesadas. Remitiráselle un exemplar dela ao órgano que asinou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste lle deren ao contratista o director facultativo das obras, [e, de ser o caso, o responsable do contrato], nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

CLÁUSULA VIXÉSIMA CUARTA. Modificación do contrato

[Téñase en conta que de conformidade co artigo 105 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, sen prexuízo dos supostos previstos na devandita normativa para os casos sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución, os contratos do sector público só poderán modificarse cando así se preve no prego de condicións ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

No resto de casos, se fose necesario que a prestación se executase de forma distinta á pactada, inicialmente deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes.

Así, a normativa de contratación permítenos modificar os contratos do sector público:

1. Sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente desta posibilidade e se detallase de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que poderán facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que haxa de seguirse para iso.

2. Se non fose previsto nos pregos ou no anuncio de licitación, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

X Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

- X Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
- X Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
- X Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.
- X Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato].

En ningún caso o Técnico Director municipal ou o adxudicatario poderán introducir o executar modificacións no obxecto de este contrato sin a debida aprobación técnica así como aprobación polo órgano de contratación competente, previa a preceptiva fiscalización do gasto e existencia de crédito, según procedemento y requisitos e informes establecidos na normativa arriba referida.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Penalidades por incumprimento

- Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias nas proporcións recollidas no artigo 212.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato].

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

- Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

- Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, impoñeranse penalidades na proporción do 10% do orzamento do contrato].

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Resolución do contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautárase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, a falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

En Silleda a 22 de abril de 2015

O Alcalde.- Asdo.: Manuel Cuiña Fernández

6º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLEDA - ANUALIDADE 2015”.

ANTECEDENTES:

1. Na Xunta de Goberno Local do 07 de abril de 2015 acordouse:

5º.- EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLEDA - ANUALIDADE 2015.

Visto que o Concello solicitou unha subvención a través da Resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o Acordo do 30 de maio polo que se aproba: as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader e se convoca o correspondente proceso de selección (DOG número 115, do 16 dexuño) e Resolución do 30 de decembro de 2008 pola que se publica o acordo do Consello de Dirección do 23 de decembro de 2008 polo que se modifican as bases reguladoras para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader e se convoca o correspondente proceso de selección (DOG número 15, do 22 de xaneiro).

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2014 douse conta de que pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Consellería do Medio Rural e do Mar), comunícase Resolución, na que se concede unha subvención para realización da obra denominada “Equipamento para biosaludables e parladorios de Silleda”, anualidades 2014 e 2015.

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas particulares do contrato de suministro, por procedemento negociado denominado "Equipamento para Biosaludables e Parladoiros de Silleda - Anualidade 2015"

Visto o expediente tramitado, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001, 12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a **Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda** :

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado, do Contrato de suministro por importe de 20.280,20 € máis IVE "Equipamento para Biosaludables e Parladoiros de Silleda - Anualidade 2015"

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 24.539,04 €, o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro por procedemento negociado, con cargo á aplicación orzamentaria 453.609.00, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e características técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa:

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.
Ansemil, nº 27
36.546 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Míguez Xestoso S.L.
Xestoso, nº 20
36.549 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
Rúa Progreso, nº 50
36540 - Silleda (Pontevedra)

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade:"Equipamento para Biosaludables e Parladoiros de Silleda - Anualidade 2015"

2.- A obra está financiada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Consellería do Medio Rural e do Mar)

3.- **PREZO LICITACION:** O importe do presente contrato ascende á contía de **24.539,04 €** O prezo certo queda desagregado nun valor de 20.280,20 euros, e no IVE de 4.258,84 €.

4.- **EMPRESAS INVITADAS:**

- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.
Ansemil, nº 27

36.546 - Silleda (Pontevedra)

Construcciones Míguez Xestoso S.L.
Xestoso, nº 20
36.549 - Silleda (Pontevedra)

Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
Rúa Progreso, nº 50
36540 - Silleda (Pontevedra)

5.- **Examinouse** a proposta económica, así como as melloras ofertadas, de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego. Deuse por cumprimentada correctamente a documentación das 3 empresas que se presentaron: CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO S.A., CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO S.L. e ENDENOR, co resultado seguinte:

EMPRESA	Oferta Económica	Prazo Execución	Melloras	Prazo Garantía
Construcciones Fernández Sarmiento S.A.	24.539,04 €	4 de maio	Non oferta	24 meses
Construcciones Míguez Xestoso S.L.	24.539,04 €	4 de maio	Non oferta	24 meses
Endenor	24.539,04 €	4 de maio	Instalación da totalidade do equipamento, mediante o atornillado do equipamento ofertado, sen incluír a base de formigón.	30 meses

de que ofertan o mesmo prezo, **24.539,04 €**, polo que, diante do empate na oferta económica, se considera a máis vantaxosa a de Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L., polas melloras referidas, e ampliación do de garantía.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato de **“EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLEDA - ANUALIDADE 2015”** a Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.

“EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLEDA - ANUALIDADE 2015”	Prezo adxudicación : 24.539,04 €. O prezo certo queda desagregado nun valor de 20.280,20 euros, e no IVE de 4.258,84 €. xunto coas melloras e prazo de garantía que constan na súa oferta.
Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.	

O prezo de adxudicación é de **24.539,04 €**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

Segundo.- Requiritur ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e AVAL por importe do 5% da adxudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no artigo 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

7º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DA RÚA TRASDEZA”.

ANTECEDENTES:

1. Pola Alcaldía, con data 14 de abril de 2015, resolveuse:

“Vista a Orde do 24 de novembro de 2014, da Dirección Xeral de Administración Local - Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña de concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individualizada e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 230, do 1 de decembro). Liña en concorrencia non competitiva (art 3.1.a)

Visto que o proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico industrial José Manuel González Iglesias, denominado “PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DA RÚA TRASDEZA”, cun orzamento total de 49.502,49 €, foi aprobado por resolución da Alcaldía de data 29 de decembro de 2014.

Visto me mediante a resolución da Alcaldía de data 29 de decembro de 2014 solicitouse á Dirección Xeral de Administración Local unha subvención de 34.079,36 € para realización desta obra.

Visto que mediante resolución do Vicepresidente e consellerio de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e de acordo co disposto na Orde do 24 de novembro de 2014 arriba indicada, dentro de liña de subvención contemplada no artigo 3.1.a) da devandita Orde, subvención de natureza non competitiva, acordouse conceder a este concello unha subvención polo importe total de 34.079,36 € para o proxecto denominado "PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DA RÚA TRASDEZA". (Resolución comunicada mediante escrito con Rexistro de Entrada no concello nº 1517, de data 13 de abril de 2015)

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas particulares do contrato mixto de suministro e obras, por procedemento negociado sen publicidade denominado "PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DA RÚA TRASDEZA"

Visto o expediente tramitado, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001, 12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público,

Esta Alcaldía-Presidencia **RESOLVE:**

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato mixto de suministro e obras por importe de 40.911,15 € máis IVE "PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DA RÚA TRASDEZA"

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 49.502,49 €, o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro e obras por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 165.609.00, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e características técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa:

- Galega de Técnicas e Investimentos S.L.
Rúa París, nº 29-5ªA
15.707 - Santiago de Compostela (A Coruña)
- Electricidad Arteaga Gres, S.L.
Lg. A Capela, nº 5 - Gres
36.587 - Vila de Cruces (Pontevedra)
- Instalaciones Deza S.L.
Fucarelos, nº 6 - Cira
36.570 - Silleda (Pontevedra)

QUINTO.- Nomear como director das obras a José Antonio Presas Ferreiro, arquitecto técnico municipal.

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: *Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato mixto de obras e suministro, por procedemento negociado sen publicidade: "PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DA RÚA TRASDEZA"*

2.- A obra está financiada pola Dirección Xeral de Administración Local - Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

3.- **PREZO LICITACION:** O importe do presente contrato ascende á contía de **49.502,49 €** O prezo certo queda desagregado nun valor de 40.911,15 euros, e no IVE de 8.591,34 €.

4.- **EMPRESAS INVITADAS:**

- Galega de Técnicas e Investimentos S.L.
Rúa París, nº 29-5ªA
15.707 - Santiago de Compostela (A Coruña)
- Electricidad Arteaga Gres, S.L.
Lg. A Capela, nº 5 - Gres
36.587 - Vila de Cruces (Pontevedra)
- Instalaciones Deza S.L.
Fucarelos, nº 6 - Cira
36.570 - Silleda (Pontevedra)

5.- **Examinouse** a proposta económica, así como as melloras ofertadas, de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego. Deuse por cumprimentada correctamente a documentación das 3 empresas que se presentaron: GALEGA DE TÉCNICAS E INVESTIMENTOS, S.L., ELECTRICIDAD ARTEAGA GRES, S.L. e INSTALACIONES DEZA, S.L., co resultado seguinte:

EMPRESA	Oferta Económica	Prazo Execución	Melloras	Prazo Garantía
Galega de Técnicas e Investimentos S.L.	48.759,95 €	1 semana	12 puntos de luz de tecnoloxía Led formado por luminaria Inza, Mod. Navia de 100W, a 305,00 €/unidad.	3 anos a maiores do establecido
Electricidad Arteaga Gres, S.L.	49.502,49 €		Non oferta	

Instalaciones Deza S.L.	60.392,49 €		Non oferta	
-------------------------	-------------	--	------------	--

polo tanto considérase a mais vantaxosa a de Galega de Técnicas e Investimentos S.L., pola oferta económica, as melloras referidas, e ampliación do de garantía.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato de **“PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DA RÚA TRASDEZA”** a Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.

“PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DA RÚA TRASDEZA”	Prezo adxudicación : 48.759,95 €. O prezo certo queda desagregado nun valor de 40.297,48 euros, e no IVE de 8.462,47 €. xunto coas melloras e prazo de garantía que constan na súa oferta.
Galega de Técnicas e Investimentos S.L.	

O prezo de adxudicación é de **48.759,95 €**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

Segundo.- Requirit ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e AVAL por importe do 5% da adxudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no artigo 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

8º.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA”.

ANTECEDENTES:

1. Na Xunta de Goberno Local do 07 de abril de 2015 acordouse:

6º.- REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA.

Visto que na sesión do 27 de xaneiro de 2015 a Xunta de Goberno Local acordou:

- “Primeiro.- Realizar o investimento denominado “Repintado de sinalización horizontal nos cascos urbáns de Silleda e Bandeira”.*
- Segundo.- Aprobar o proxecto denominado “Repintado de sinalización horizontal nos cascos urbáns de Silleda e Bandeira”*
- Terceiro.- Solicitar para súa realización unha subvención por importe de 55.039,83 € con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestructuras municipais 2015.*
- Cuarto.- A existencia de dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.”*

Visto que esta obra está subvencionada pola Deputación de Pontevedra, segundo resolución de concesión de axuda de data 17 de marzo de 2015, no PPOS/15.

Visto o proxecto denominado REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA, de data xaneiro de 2015, redactado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, cun orzamento de 45.487,46 € máis o 21% de IVE (9.552,37 €) o que fai un total orzamento de contrata de 55.039,83 €.

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas particulares do contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade denominadas “REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA”.

Visto o expediente tramitado, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001, 12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 45.487,46 € máis IVE denominado “REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA”*

SEGUNDO.- *Autorizar, en contía de 55.039,83 €, o gasto que para este Concello representa a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 453.210, do estado de gastos do Orzamento Municipal.*

TERCEIRO.- *Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.*

CUARTO.- *Solicitar ofertas as seguintes empresa:*

- *Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
Polígono Industrial Lalín 2000 - Parcela C-26
36.500 - Lalín (Pontevedra)*

Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.
C/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB
36.540 - Silleda (Pontevedra)

Construcciones Martínez Montes e Hijos S.L.
Rúa da Lagoa, nº 6
15.883 - Teo (A Coruña)

QUINTO.- Nomear como director das obras ó arquitecto redactor do proxecto José Luis Sanmiguel Guerreiro

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: *Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade: "REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA"*

2.- A obra está financiada pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestructuras municipais 2015

3.- **PREZO LICITACION:** O importe do presente contrato ascende á contía de **55.039,83 €**. O prezo certo queda desagregado nun valor de 45.487,46 €, e no IVE de 9.552,37 €.

4.- EMPRESAS INVITADAS:

Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
Polígono Industrial Lalín 2000 - Parcela C-26
36.500 - Lalín (Pontevedra)

Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.
C/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB
36.540 - Silleda (Pontevedra)

Construcciones Martínez Montes e Hijos S.L.
Rúa da Lagoa, nº 6
15.883 - Teo (A Coruña)

5.- **Examinouse** a proposta económica, así como as melloras ofertadas, de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego. Deuse por cumprimentada correctamente a documentación das 3 empresas que se presentaron: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., ENDENOR CONSTRUCCION MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L. e CONSTRUCCIONES MARTÍNEZ MONTES E HIJOS S.L., co resultado seguinte:

EMPRESA	Oferta Económica	Prazo Execución	Melloras	Prazo Garantía
---------	------------------	-----------------	----------	----------------

Construcciónes Taboada y Ramos, S.L.	54.839,83 €	3 semanas	Non oferta	Non oferta ampliación
Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.	55.039,83 €	2 semanas	90 m2 de pintura reflexiva en cebreados, paso de peóns con pintura acrílica blanca valoradas en 585,00 €	18 meses
Construcciónes Martínez Montes e Hijos S.L.	55.039,83 €	3 semanas	Non oferta	Non oferta ampliación

polo tanto considérase a mais vantaxosa a de Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L., polas melloras referidas e ampliación do de garantía.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato de **“REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA”** a Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.

“REPINTADO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL NOS CASCOS URBÁNS DE SILLEDA E BANDEIRA”	Prezo adxudicación : 55.039,83 €. O prezo certo queda desagregado nun valor de 45.487,46 euros, e no IVE de 9.552,37 €. xunto coas melloras e prazo de garantía que constan na súa oferta.
Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.	

O prezo de adxudicación é de **55.039,83 €**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

Segundo.- Requiritur ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e AVAL por importe do 5% da adxudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no artigo 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

9º.- URBANISMO.

9.1.- Tenda de alimentación e bebidas na rúa Progreso, nº 58 baixo (Silleda), solicitado por R.P.R., en representación de A DESPENSA DE RAQUEL, S.C.

Vista a solicitude presentada por R.P.R., en representación de A DESPENSA DE RAQUEL S.C., Rexistro de Entrada nº 5442 de data 05 de decembro de 2014, para unha tenda de alimentación e bebidas, a situar na rúa Preogreso, nº 58 baixo (Silleda), referencia catastral 1880706NH6218S, en base ao proxecto redactado por Dº José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto Colexiado 2564.

Visto o informe emitido o 07 de abril de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Quedar enterada desta comunicación previa notificándollo ó interesado.

TERCEIRO.- Aprobar liquidacións provisionais correspondentes.

9.2.- Librería na rúa María Colmeiro, nº 10 baixo (Silleda), solicitado por A. Mª. G. G.

Vista a solicitude presentada por Dona A. Mª. G.G., Rexistro de Entrada nº 640 de data 12 de febreiro de 2015, para unha librería a situar na rúa María Colmeiro, nº 10 baixo (Silleda), referencia catastral 1976028NH6217N0005TJ, en base ao proxecto redactado por Dº José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto Colexiado 2564.

Visto o informe emitido o 08 de abril de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Quedar enterada desta comunicación previa notificándollo ó interesado.

SEGUNDO.- Aprobar as liquidacións provisionais correspondentes

9.3.- Solicitud de licenza de obra maior para segregación (en tres parcelas) de parcela na rúa Progreso, nº 61, esquina coa rúa Condes de Deza (Silleda) presentada por Dº A.G.C.

Visto que por Don A.G.C., preséntase solicitude de obra maior (Registro de Entrada nº 6055, de data 22 de novembro de 2013) para segregación (en tres parcelas) de parcela na rúa Progreso, nº 61, esquina coa rúa Condes de Deza (Silleda), segundo proxecto da arquitecta Dª Natalia Campos Ferro, colexiada nº 4382.

Visto que con data 10 de abril de 2015, polo Arquitecto do concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico urbanístico.

A Xunta de Goberno Local, en base ao sinalado no informe técnico anteriormente transcrito, por unanimidade acorda:

Primeiro.- Conceder a Dº A.G.C. a licenza de segregación de parcelas solicitada en base ao proxecto redactado pola arquitecta, Dª Natalia Campos Ferro, e tal e como queda reflexado no informe emitido polo Arquitecto do concello, Lino Manuel Doporto Framil, en data 10 de abril de 2015 anteriormente transcrito.

Segundo.- A presente licenza outórgase agás dereito de propiedade e ser perxuízo de terceiro, non podendo ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que poida incorrer o seu beneficiario no exercizo da autoridade autorizada.

Terceiro.- Aprobar a correspondente liquidación provisional.

9.4.- Taller mecánico, a situar no lugar de Campo, nº 43 (Silleda), solicitado por A.J.G.C.

Vista a solicitude presentada por A.J.G.G., Registro de Entrada nº 2511 de data 10 de maio de 2012, para un taller mecánico a situar no lugar de Campo, nº 43 (Silleda), referencia catastral 36052K505205100000EZ, en base ao proxecto redactado por Dº José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto colexiado 2564.

Visto o informe emitido o 13 de abril de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil que literalmente dí:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Quedar enterada desta desta comunicación previa notificándollo ó interesado.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas correspondentes.

9.5.- Solicitud de licenza de obra maior para ampliación de galpón para garaxe, na rúa Venezuela nº 56 (Silleda), solicitado por C.L.T.

Vista a solicitude de licenza, presentada por C.L.T. , Rexistro de Entrada nº 702 de data 17 de febreiro de 2015, para ampliación de galpón para garaxe, na rúa Venezuela nº 56 (Silleda), referencia catastral 2080003NH6228S, en base ao proxecto redactado por D^a María José García Fidalgo, Arquitecta Colexiada nº 4357.

Visto o informe emitido o 15 de abril de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: A concesión da **licencia de obra solicitada**, CONDICIONADA ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o arquitecto no informe anteriormente transcrito.

Prazos para o inicio e terminación das obras: Non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. Poderase conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no intre de concesión da prórroga.

SEGUNDO.- Será requisito indispensable dispoñer xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de prantas autorizadas e o número de expediente.

TERCERO.- A presente licenza concédese salvo dereito de propiedade e sen perxucio de terceiros.

CUARTO.- Unha vez rematadas as obras, deberá presentar ante o concello certificación final das obras suscrita por técnico competente con visado colegial, Asimesmo con anterioridade á apertura do establecemento deberá solicitar ao concello, ao amparo do disposto no Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental, visita de comprobación a fin de verificar se as instalacións se axustan ao proxecto presentado e se se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na concesión da licenza.

QUINTO.- Aprobar as correspondentes liquidacións provisionais:

9.6.- Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, sita na Avda. do Parque, nº 48 de Silleda, solicitado por A. A. L.T.

Vista a solicitude de licenza, presentada por A.A.L.T. Rexistro de Entrada nº 5673 de data 19 de decembro de 2014, para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, sita na Avda. do Parque, nº 48 (Silleda), en base ao proxecto redactado por D^a Francisco Javier Fernández Fuertes, Arquitecto Colexiado nº 1346.

Visto o informe emitido o 25 de marzo de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: A concesión da **licencia de obra solicitada**, **CONDICIONADA** ó cumprimento das observacións que sinala o arquitecto no informe anteriormente transcrito, debendo igualmente en concreto.:

A.- Formalizar o compromiso de urbanización e posterior cesión gratuita dos terreos sinalados no PXOM vixente como viario e posterior urbanización dos msnos. consonte ao artigo 19.a da LOUGA: Para tal efecto, deberán custear los gastos de urbanización precisos para completa los servicios urbanos e regulariza las vías públicas, executa las obras necesarias para conectar coas redes de servicios e viaria en funcionamento e cederlle gratuitamente ó municipio os terreos destinados a vias fóra das aliñacións establecidas no planeamento, sen prexuízo do disposto no artigo 722 desta leí.

B.- Depósito dun aval bancario como garantía e compromiso de reposición de tódolos servizos urbanos danados como consecuencia das obras executadas, supervisadas polos servizos técnicos do Concello, por importe de 12.000 €.

Prazos para o inicio e terminación das obras: Non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. Poderase conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no intre de concesión da prórroga.

SEGUNDO.- Será requisito indispensable dispoñer xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de prantas autorizadas e o número de expediente.

TERCERO.- A presente licencia concédese salvo dereito de propiedade e sen perxuício de terceiros.

CUARTO.- Unha vez rematadas as obras, deberá presentar ante o concello certificación final das obras suscrita por técnico competente con visado colegial, Asimesmo con anterioridade á apertura do establecemento deberá solicitar ao concello, ao amparo do disposto no Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental, visita de comprobación a fin de verificar se as instalacións se axustan ao proxecto presentado e se se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na concesión da licenza.

QUINTO.- Aprobar as correspondentes liquidacións provisionais:

9.7.- Escrito de D.B.R., en relación coa licenza municipal para Rehabilitación e ampliación de edificio de planta soto, baixa e dúas plantas altas para tres vivendas, na Rúa Progreso nº 8 (Silleda) (Ref. Catastral 1978031NH6217N0001AD), otorgada por esta Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2015.)

Visto o escrito presentado por D.B.R., Rexistro de Entrada nº 1643, de data 17 de abril de 2015, no que solicita o fraccionamento do pago correspondente a licenza municipal otorgada por esta Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2015 para Rehabilitación e ampliación de edificio de planta soto, baixa e dúas plantas altas para tres vivendas, na Rúa Progreso nº 8 (Silleda) (Ref. Catastral 1978031NH6217N0001AD), ascendendo a liquidación provisional a cantidade de 3.997,50 €, desglosada da seguinte forma:

“Imposto sobre construcións, instalación e obras por importe de 3.937,50 €

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e 2.1 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 60,00 euros.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado e fraccionar o pagamento en dous prazos de periodicidade mensual e contía de 1.998,75 € da forma seguinte:

1º Pago de 1.998,75 €:

- a) Se a notificación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

2º Pago de 1.998,75 €:

No prazo de 30 días dende a realización do primeiro pago.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANCO SANTANDER

9.8.- Escrito de solicitude de cambio de titularidade de licenzas otorgadas a INDEGA S.COOP.G. a favor de ICOS S.COOP.G.

Visto o escrito presentado por Paulino González Fernández, en representación de INDEGA S.COOP.G. e Jesús Bardelás Hermida, en representación de ICOS S.COOP.G., rexistro de Entrada nº 5620, de data 17 de decembro de 2014, no que solicitan o cambio de titularidade das seguintes licenzas otorgadas a INDEGA S.COOP.G. a favor de ICOS S.COOP.G., por motivo da fusión por absorción por ICOS (entidade absorbente) de INDEGA, para o cal adxuntan escritura de dita fusión.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

- AUTORIZAR O cambio de titularidade de licenzas otorgadas a INDEGA S.COOP.G. a favor de ICOS S.COOP.G., previa liquidación das correspondentes taxas.

9.9.- Instalación de tenda agraria na estrada de Siador, s/n (Silleda), solicitada por J.B.P., en representación de INDEGA S.C.G.

VISTO que na sesión da XGL celebrada en data 31 de Xullo de 2014 adoptouse o acordo que se transcribe:

“Vista a solicitude presentada por Jorge Bellón Puignau, en representación de INDEGA S.C.G., Rexistro de Entrada nº 2944 de data 10 de xullo de 2014, para Instalación de tenda agraria na estrada de Siador, s/n (Silleda), referencia catastral 36052A048003950000KF e 36052A048003970000KO, en base ao proxecto redactado por DMercural.

Visto o informe emitido o 29 de xullo de 2014 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil que literalmente dí:

Solicitante Jorge Bellón Puignau

Data de rexistro 10.XUL.2014 Nº 2944 Data escrito 7.XUL.2014

Obra Instalación de tenda agraria

Tipo de obra *Maior*

Emprazamento *Estrada de Siador, s/n*

Referencia catastral *36052A048003950000KF e 36052A048003970000KO*

Autor do Proxecto *Mercarural*

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 7 *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*
- 8 *R XU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 9 *R PU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 15 *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.*
- 16 *Planeamento do Concello de Silleda*
- 16.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
- 16.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991*
- 16.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995*
- 16.4 *M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995*
- 16.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
- 16.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
- 16.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002*
- 16.8 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981*
- 16.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
- 16.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007*
- 16.11 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012*
- 16.12 *M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012*
- 16.13 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Inicialmente o 18/12/2012*
- 17 *Concordantes*

ANTECEDENTES:

1. *O día 21 de xullo de 2014 amósanse 11 expedientes para a redacción de informe técnico, entre os que se atopa a solicitude de informe sobre viabilidade asinada por Jorge Bellón*

Puignau, presentada con R.E. 2944 de 10.XUL.2014. Aporta 1 copia de proxecto técnico elaborado por Mercarural para a Instalación de tenda agraria.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico. No acordo de aprobación establécese o seguinte réxime de suspensión de licenzas :

"(...)

Visto o escrito e plano remitido polo equipo redactor propónse ao pleno rectificar o acordo plenario adoptado quedando redactado do seguinte xeito:

As áreas afectadas pola suspensión (para obras maiores), que se atopan delimitadas no plano adxunto, serán os solos urbanos de Silleda e Bandeira, o solo urbanizable delimitado industrial e os núcleos rurais. Para os solos clasificados como rústico de protección ordinaria e o polígono industrial da área 33 non se suspenden as licenzas. Para o restante solo do concello clasificado polo Plan Xeral, suspenderanse as licenzas naqueles casos en que as determinacións do PXOM supoñan modificación da ordenación urbanística vixente."

3. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 100.2 da LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 deste informe, o ámbito onde se pretende a Instalación de tenda agraria, está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

5. O uso que se pretende para esta nova construción é o de Tenda agraria destinada aos membros da cooperativa ICOS, SCG. Segundo se expón na memoria que se aporta, as tendas pertencentes á cadena comercial cooperativa Mercarural: "están especializadas en produtos profesionais para afrigultores y ganaderos, resultando en que ofrecen un complemento idóneo de apoio a la ganadería extensiva e intensiva, granjas, corrales domésticos y otras instalaciones hortícolas". Cómpre sinalar que na mesma parcela a cooperativa xa conta con unhas instalacións destinadas a almacén e oficinas da cooperativa (superficie de 703 m2 e un surtidor de combustibles, cuxa marquesiña ocupa 100,75 m2). Por tanto, non é unha implantación nova, senón a ampliación das instalacións da cooperativa para ofertar máis servizos.

6. A Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de de Galicia, permite en solo rústico de protección ordinaria e en solo rústico de protección agropecuaria, os usos sinalados no epígrafe 33.2.a e 33.2.b, sexa para apoio á agricultura ou á gandería, respectivamente:

a) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ó apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros ou outras análogas.

b) Construcións e instalacións destinadas ó apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións agrícolas.

6.1 Neste sentido, parece que pode encaixar o uso que se pretende nesta solicitude dentro dos usos previstos nos mencionados puntos 33.2.a e 33.2.b, xa que se trata dun establecemento comercial, pero destinado a un público determinado e relacionado directamente coas explotacións agrícolas, que se supón que se verán beneficiadas por esta nova instalación. Por outra parte, a redacción dada á LOUGA pola Lei 2/2010, abre a posibilidade da instalación

de máis usos no solo rústico, polo que se podería considerar este uso do solo como construción de apoio a estes sectores productivos.

7. Por tanto, proponse elevar consulta á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, con competencias en protección da legalidade no solo rústico, xunto con copia da documentación aportada coa solicitude, para que emita informe no que se pronuncie sobre a viabilidade da construción dun edificio para tenda agraria, en solo rústico de protección agropecuaria, como actividade de apoio á agricultura e/ ou gandeiría."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: elevar consulta á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, con competencias en protección da legalidade no solo rústico, xunto con copia da documentación aportada coa solicitude, para que emita informe no que se pronuncie sobre a viabilidade da construción dun edificio para tenda agraria, en solo rústico de protección agropecuaria, como actividade de apoio á agricultura e/ ou gandeiría."

VISTO que a Xunta considerou que era de competencia exclusivamente municipal e que o Sr. Secretario informa que corresponde sen dúbida ao Concello a concesión desta licencia, a cal informa favorablemente,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda:**

PRIMEIRO: Quedar enterada desta desta comunicación previa notificándollo ó interesado.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas correspondentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as catorce horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario, dou fe e certifico.

Silleda, a 24 de abril de 2015

Vº e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga